

CONCURSO

Ilustrando a CASTELAO

Dende a **Biblioteca** do IES CASTELAO convidamos a todo o alumnado a elaborar unha **banda deseñada** para recordar a figura do persoeiro que dá nome ao noso centro, Castelaο, no aniversario do seu nacemento.

Como xa sabedes, a banda deseñada é unha historia contada por medio de debuxos contidos en viñetas. Cada **viñeta** representa un momento da historia e contén tanto os **debuxos** (personaxes, obxectos...) coma os **globos** coas palabras dos personaxes, os **cartuchos** coas liñas narrativas (tempo, lugar) e outros recursos.

O concurso consiste en converter en banda deseñada o breve relato de Castelaο do seu libro *Retrincos* titulado **“O retrato”**, de acordo coas seguintes:

BASES

- Tanto o formato coma a técnica de execución serán libres.
- Rotularase en lingua galega.
- Os traballos presentaranse na Biblioteca ou na Aula de Plástica.
- O prazo de presentación rematará o martes **28 de febreiro**.
- A mellor obra presentada recibirá como premio un VALE de 25 € para libros ou material de debuxo.

ANÍMAZE E... SORZE!

Vigo, 30 de xaneiro de 2023